

Unha nova localidade de *Gladiolus undulatus* L. (Iridaceae) en Europa

S. ORTIZ

Laboratorio de Botánica, Facultade de Farmacia. Universidade de Santiago de Compostela
15782 Santiago de Compostela. Galiza, Spain

(Recibido, diciembre de 2004. Aceptado, marzo de 2005)

Durante os estudos de campo desenvolvidos en relación co “Proxecto de recuperación e conservación da Lagoa de Louro” que ten como obxectivo principal analizar o grao de conservación dos ecosistemas asociados a dita lagoa tras o desastre do “Prestige”, recolectamos unha monocotiledonea (leg. S. Ortiz 831 SANT, 2/VII/2003, Lagoa de Louro, 29TMH9234, 2 m alt., Muros,

A Coruña, Fig. 1) da que contabilizamos un total de 5 individuos na beira dun pequeno camiño que rodea a lagoa. Dito camiño permanecía enchoupado parcialmente e no lugar onde achamos a monocotiledonea contactaba cunha pequena comunidade de ameneiros (*Alnus glutinosa* L.) e salgueiros (*Salix atrocinerea* Brot.).



Fig. 1. Ápice dun vástago de *Gladiolus undulatus* L., con flores.

Tras estudar os espécimes no laboratorio concluímos que pertencían ao xénero *Gladiolus* L. aínda que non eran identificables con ningunha das especies presentes en estado silvestre en Galiza. Como a determinación específica resultaba enormemente dificultosa tanto pola grande diversidade do xénero, que abrangue arredor de 255 especies (GOLDBLATT *et al.*, 1998), como pola ausencia de sementes, cuxos caracteres son esenciais para a súa identificación, decidimos pornos en contacto con John Manning do Kirstenbosch Research Centre, Cidade do Cabo (Africa do Sul) a quen lle enviamos unha foto da planta que lle permitiu identificala como *Gladiolus undulatus* L., un endemismo das áreas de invernos chuviosos da rexión do Cabo (Kamiesberg, Bokkeveld Mts., Stellenbosch, Western Cape), en Africa do Sul, onde é pouco frecuente (GOLDBLATT & MANNING, 2000; Manning, com. pers.). Desta planta coñécese o seu carácter alóctono en Australia (HNATIUK, 1990; WEBER, 2003), Nova Zelandia (ROY *et al.*, 1998; WEBER, 2003) e Tasmania (BUCHANAN, 1999) así coma en áreas de Asia tropical e o Caribe (WEBER, 2003), sendo considerada unha planta invasora moi agresiva en medios húmidos, especialmente en Australia (WEBER, 2003). En Europa só coñecemos, até o momento, unha referencia á súa presenza en Portugal onde foi localizada por MALATO-BELIZ

(1980). Segundo este autor era abundosa nas xunqueiras da Barrinha de Esmoriz (Ovar, Beira Litoral).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BUCHANAN, A. M. (1999). *A Census of the vascular Plants of Tasmania and Index to the Student's Flora of Tasmania*. Third Edition. Tasmanian Museum and Art Galley, Hobart.
- GOLDBLATT, P. & MANNING, J. C. (2000). Cape Plants. A Conspectus of the Cape Flora of South Africa. *Strelitzia*, **9**: 6-743.
- GOLDBLATT, P., MANNING, J. C. & RUDALL, P. (1998). Iridaceae. In: Kubitzki, K. (Ed.), *The Families and Genera of Vascular Plants*: 295-333. Springer-Verlag, Berlin.
- HNATIUK, R. J. (1990). *Census of Australian Vascular Plants. Australian Flora and Fauna. Series n° 11*. Bureau of Flora and Fauna, Canberra.
- MALATO-BELIZ, J. (1980). Notas de Florística, XI. *Bol. Soc. Brot. Sér. 2*, **53**: 477-491.
- ROY, B., POPAY, I., CHAMPION, P., JAMES, T. & RAHMAN, A. (1998). *An illustrated guide to the common weeds of New Zeland*. New Zeland Plant Protection Society, R.G. & F.J. Richardson, Wellington.
- WEBER, E. (2003). *Invasive Plant Species of the World. A Reference Guide to Environmental Weeds*. CABI Publishing, Oxford.